



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA (EAPN-GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á COORDINACIÓN, OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS E SINERXIAS DE ACTUACIÓN DAS ENTIDADES INTEGRANTES QUE TEÑEN COMO FINALIDADE A LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellaría de Política Social,

DECLARA:

Que a Consellaría de Política Social ten previsto formalizar coa Rede Europea contra a Pobreza (EAPN-Galicia) o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2021, financiándose, sen embargo, os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto a realización por parte da coa Rede Europea contra a Pobreza (EAPN-Galicia) de actuacións encamiñadas á á coordinación, optimización dos recursos e sinerxías de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, reside na circunstancia de que os estatutos de EAPN-Galicia configúranse como a única que ten por obxecto a incidencia no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos intereses das persoas en situación de pobreza e exclusión social, provocando cambios que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia, e a única na que se establece que poderán ser membros da mesma todas as persoas xurídicas sen ánimo de lucro involucradas na loita contra a pobreza e a exclusión social definida de acordo co establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Neste sentido, hai que ter en conta que esta entidade non pode participar nas convocatorias de subvencións de inclusión social, dado que non presta servizos directos ás persoas, senón que apoia ás entidades representantes das persoas vulnerables que conectan os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que canalice e dea voz ás demandas do sector. De acordo con isto, a Consellaría de Política Social considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese social en consoancia co establecido pola Lei de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de cumprir co preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

